



Microalgas

Unha investigación da Universidade de Almería (UAL) e Cajamar apunta que unha nova microalga, a *Scenedesmus almeriense*, cultivada nun invernadoiro, pode ter aplicacións na prevención de enfermidades cardiovasculares e dexeneración macular senil. Segundo a información facilitada por Cajamar, a característica máis importante é o elevado contido en luteína, que chega ata os cinco gramos por quilogramo de biomasa. Estudos sobre este carotenoide, que se emprega como colorante alimentario e en cosmética, poñen de manifesto que unha inxesta adecuada pode ser beneficiosa na prevención e evolución de enfermidades dexenerativas humanas.

En concreto, traballos epidemiolóxicos e clínicos de luteína mostraron que ten un papel relevante na protección contra a aparición ou progresión de enfermidades cardiovasculares e a dexe-

neración macular senil, segundo Cajamar, en cuxa Estación Experimental desenvolveu esta investigación. Aínda que se descoñece o mecanismo de acción protectora deste pigmento, que está presente en cantidades significativas na 'mácula lutea' da retina humana, atribúese-lle a capacidade de filtrar a luz azul ou de neutralizar os radicais libres que poida orixinar esta radiación ou outros factores.